



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

**Referencia:** PREM-PG / 2026

**Expediente convocatoria:** 2026000015888

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO V CIRCUITO DE PIRAGÜISMO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PREM-PG / 2026)**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

### **ANTECEDENTES**

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "V Circuito de Piragüismo da Deputación Provincial da Coruña", e vistos os informes do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "V Circuito de Piragüismo da Deputación Provincial da Coruña", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

**Segundo.** Aprobar as Bases reguladoras do "V Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

**Terceiro.** Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Cuarto.** Aprobar a convocatoria do V Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases

Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará sete (7) días naturais antes do inicio de cada unha das regatas ás 15:00 horas, a través da plataforma habilitada para tal fin pola Federación Galega de Piragüismo.

**Quinto.** Remitir esta resolución, así como a convocatoria conforme á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

**Sexto.** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

**ANEXO**  
**BASES REGULADORAS DO V CIRCUÍTO DE PIRAGÜISMO DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

**Primeira.- Obxecto**

O V Circuito de Piragüismo Deputación da Coruña ten por obxecto:

- Incentivar o deporte federado nas categorías base, como elemento vertebrador e garante dunha práctica deportiva segura e de calidade.
- Poñer en valor o piragüismo e fomentar a súa práctica do piragüismo nas modalidades que se presentan nestas bases.
- Promover a provincia e os seus municipios como territorios activos, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social a través do deporte.

**Segunda.- Categorías e distancias**

O V Circuito de Piragüismo Deputación da Coruña disputarase nas seguintes categorías e distancias:

| Modalidade     | Categorías     | Idades<br>(anos cumpridos no 2026) |
|----------------|----------------|------------------------------------|
| Caiac homes    | Pre-benxamín B | 6-7                                |
|                | Pre-benxamín A | 8                                  |
|                | Benxamín B     | 9                                  |
|                | Benxamín A     | 10                                 |
|                | Alevín B       | 11                                 |
|                | Alevín A       | 12                                 |
|                | Infantil B     | 13                                 |
|                | Infantil A     | 14                                 |
|                | Cadete         | 15-16                              |
| Caiac mulleres | Pre-benxamín B | 6-7                                |
|                | Pre-benxamín A | 8                                  |
|                | Benxamín B     | 9                                  |
|                | Benxamín A     | 10                                 |
|                | Alevín B       | 11                                 |
|                | Alevín A       | 12                                 |
|                | Infantil B     | 13                                 |
|                | Infantil A     | 14                                 |
|                | Cadete         | 15-16                              |
| Canoa homes    | Infantil B     | 13                                 |
|                | Infantil A     | 14                                 |
|                | Cadete         | 15-16                              |
| Canoa mulleres | Infantil B     | 13                                 |
|                | Infantil A     | 14                                 |
|                | Cadete         | 15-16                              |
| Paracanoa      | Cadete         | 15-16                              |

### **Terceira.- Participantes**

Poderán participar todos os clubs de piragüismo, sen fins de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña e legalmente constituídos antes da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

En cada unha das regatas que integran este Circuito competirán participantes das categorías base dos clubs da provincia, con idades entre 6 e 16 anos, repartidos nas categorías e modalidades definidas na base segunda.

#### 3.1. Requisitos das persoas participantes

As persoas participantes deberán estar en posesión de licenza federativa en vigor, e non ter sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición. Non poderán participar padexeiros/as con licenzas federativas pertencentes a clubs distintos aos clubs participantes.

### **Cuarta.- Inscricións**

#### **4.1.- Prazo de inscrición**

O prazo de inscrición dos clubs participantes para tomar parte no “V Circuito de Piragüismo Deputación da Coruña” iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará sete (7) días naturais antes do inicio de cada unha das regatas ás 15:00 horas.

#### **4.2.- Forma de inscrición**

A inscrición dos clubs realizarase a través da Federación Galega de Piragüismo, podendo inscribir cada entidade un número ilimitado de deportistas. A inscrición será de balde para todos os clubs participantes e para as persoas integrantes dos equipos.

A substitución, baixa, ou alta dalgunha das entidades participantes deberase comunicar á Deputación con antelación suficiente á realización da regata para autorizar calquera cambio.

### **Quinta.- Desenvolvemento da actividade.**

#### 5.1.- Lugar e datas

O V Circuito de Piragüismo Deputación da Coruña terá lugar en seis concellos da provincia da Coruña e nas datas indicadas no calendario que precisará de aprobación e autorización previa por parte desta Deputación.

Unha vez formulada a programación das probas, as datas e sedes so poderán ser modificadas, previa petición razoada da Federación e autorización da Deputación.

As regatas celebraranse durante unha xornada cunha duración aproximada de 5 horas.

## 5.2.- Sistema de competición

A competición organízase nun sistema de circuíto integrado por seis regatas. En cada unha das regatas competirán as categorías e modalidades sinaladas na base terceira (participantes) das presentes bases.

As regatas para as categorías de pre-benxamíns a cadetes celebraranse exclusivamente en embarcacións individuais (K1/C1)

## 5.3. Campo de regata e percorrido.

O campo de regata constará dun percorrido que deberá estar medido e sinalizado por medio de bandeiras ou balizas moi visibles situadas sobre as boias.

O percorrido deseñarase de xeito que o campo de regatas se adapte ás características do emprazamento, co obxecto de dar unha maior visibilidade á proba.

O campo de regata estará definido e identificado (medidas, traxecto, etc.) no momento da inscrición das probas.

Para cada regata establecerase o percorrido que sexa máis axeitado ao lugar de celebración da regata, tendo como referencia unha distancia máxima de 1.500 m para prebenxamíns, benxamíns e alevíns, e unha distancia máxima de 3.000 m para infantís e cadetes.

O club da localidade no que se realiza a proba é o encargado da montaxe do Campo de Regata, polo que deberá dispor dos medios necesarios para poder levar a cabo a balizaxe. A liña de saída e a liña de chegada deberán marcarse con balizas vermellas no punto en que estas liñas corten os límites exteriores do percorrido.

O percorrido deberá ser publicado no regulamento de cada unha das probas. Dependendo da marea nalgunha das localizacións non se poderá sinalizar ata o mesmo día da proba.

## 5.4.- Confección das quendas.

As quendas confeccionaranse segundo as que fosen necesarias para garantir a participación de todos os participantes na súa categoría, nas mellores condicións posibles.

## 5.5.- Normas de competición

Será de aplicación a normativa establecida nos Regulamentos e Estatutos da Federación Galega de Piragüismo, ou no seu caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Federación Española de Piragüismo.

## **Sexta.- Clasificacións**

### 6.1.- Sistema de puntuación

Todos/as os/as padexeiros/as que entren en meta dentro do tempo establecido de control sumarán a puntuación á clasificación final por clubs da regata en función de seu posto de entrada, de acordo co seguinte:

| Posto | Puntos |
|-------|--------|
| 1º/1ª | 130    |
| 2º/2ª | 127    |
| 3º/3ª | 124    |
| 4º/4ª | 122    |
| 5º/5ª | 121    |
| 6º/6ª | 120    |
| 7º/7ª | 119    |
| 8º/8ª | 118    |
| 9º/9ª | 117    |
| Nº/Nª | 117-1  |

Establécense clasificacións individuais e por equipos para cada regata, e unha clasificación final do Circuito por equipos.

Non existirá distinción entre o tipo de embarcación e categoría á hora de asignar a puntuación a cada embarcación.

Para os efectos de puntuación para a clasificación por equipos de cada regata do Circuito unicamente se computarán os/as participantes que entren en meta antes do peche de control establecido para cada regata, modalidade e categoría. Este tempo variará en función da distancia que en cada localidade se poida practicar.

Outorgarase unha clasificación final por clubs en cada regata, en función das puntuacións finais sumadas polos/as integrantes de cada entidade.

En base a esta posición, cada club sumará a seguinte puntuación de cara á clasificación final do Circuito:

- 1º Club Clasificado.....70 puntos
- 2º Club Clasificado.....67 puntos
- 3º Club Clasificado.....65 puntos
- 4º Club Clasificado.....64 puntos
- 5º Club Clasificado.....63 puntos (a partir do 5º posto, aplicarase a táboa por orde decrecente).

A clasificación final por clubs deste circuito realizarase coa suma das mellores cinco puntuacións nas seis regatas que o compoñen.

## **Sétima.- Premios**

### 7.1.- Trofeos e medallas

En cada regata deste circuito entregaranse medallas/trofeos aos tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría e modalidade, ademais de trofeos aos tres primeiros clubs.

Para efectos de entrega de medallas, distinguiranse as subcategorías A e B en pre-benxamín, benxamín e alevín (tanto en caiac homes como en caiac mulleres).

### 7.2.- Premios económicos

Destinarase un importe total de **21.800,00 €** a premios, en función da clasificación obtida no V Circuito de Piragüismo Deputación de Coruña, segundo a seguinte distribución:

| <b>Posto final club</b> | <b>Importe</b> |
|-------------------------|----------------|
| 1                       | 3.300,00 €     |
| 2                       | 2.900,00 €     |
| 3                       | 2.400,00 €     |
| 4                       | 2.200,00 €     |
| 5                       | 2.000,00 €     |
| 6                       | 1.900,00 €     |
| 7                       | 1.700,00 €     |
| 8                       | 1.500,00 €     |
| 9                       | 1.400,00 €     |
| 10                      | 1.300,00 €     |
| 11                      | 1.200,00 €     |

As cantidades percibidas estarán suxeitas ás retencións legais que resulten de aplicación.

Para poder optar aos premios da clasificación dos clubs deberán ter participado como mínimo en catro das seis regatas que integran o Circuito.

### 7.3.- Aboamento de premios en metálico.

A Deputación da Coruña emitirá unha resolución de concesión e pago, e tanto a concesión como o pago dos premios serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación da Coruña aboará os premios mencionados na base anterior directamente aos clubs, en función da clasificación obtida e que consta na acta da clasificación nas diferentes probas, as cantidades a percibir están suxeitas ás retencións legais correspondentes.

Coa finalidade de percibir os premios por participación neste circuito, que se aboarán mediante transferencia bancaria, as persoas ou aos clubs participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da Deputación da Coruña (solicitud xeral), e con referencia "V Circuito de Piragüismo Deputación da Coruña" a seguinte documentación:

- NIF do club participante.
- Enderezo de correo electrónico do club participante de notificación.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo de designación de conta bancaria que figura na paxina web da Deputación: [https://www.dacoruna.gal/files/7816/3973/1949/MODELO\\_DESIGNACION\\_CUENTA\\_BA](https://www.dacoruna.gal/files/7816/3973/1949/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BA)

#### NCARIA CASTELLANO 1.pdf

- Certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.

### **Oitava.- Comité de Competición**

O Comité de Competición é a máxima autoridade da competición e estará formado de acordo co art. 51 do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real Federación Española de Piragüismo.

### **Novena.- Seguridade e responsabilidade**

#### 9.1. Seguridade na realización das regatas

A celebración da cada unha das regatas contará con un espazo de estacionamento específico para furgonetas e remolques de embarcacións dos clubs participantes, cos permisos necesarios para o uso tanto do campo de regatas, como dos espazos terrestres necesarios para a realización do evento, así como de restrición do tráfico se fose necesario.

A organización adoptará as medidas de seguridade que resulten necesarias para o correcto desenvolvemento da competición, de conformidade coa normativa deportiva, marítima e de seguridade aplicable, así como coas autorizacións emitidas polos organismos competentes.

Así mesmo, contará cun seguro de responsabilidade civil derivada dos danos causados aos participantes ou persoas espectadoras como consecuencia da organización e da realización da proba.

#### 9.2. Seguridade dos deportistas.

En cada unha das regatas:

- Realizarase un control previo individual a cada participante das medidas de flotación da embarcación, así como da idoneidade do chaleco salvavidas obrigatorio (talla axeitada, estado de conservación e colocación).
- Realizarase control de licenzas ou DNI para comprobación dos padexeiros se fose necesario ou determinado polo xuíz árbitro.
- Contarase con embarcacións de apoio para a organización da proba e para asistencia de posibles accidentes ou envorcós, ao menos en tres puntos do percorrido.
- Disporase de asistencia médica de urxencia no espazo da competición e de transporte urxente a centro médico durante todo o evento.

- Contarase cun protocolo de evacuación en caso de accidente.

### **Décima.- Protección de datos**

Os datos persoais facilitados pola Federación Galega de Piragüismo serán tratados pola Deputación da Coruña para xestionar a presente proba e os expedientes relacionados.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados a outras Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Piragüismo e mediante a súa inscrición o/a atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e clasificación popular da proba.

### **Undécima.- Normativa**

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto nos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Piragüismo e, se é o caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real Federación Española de Piragüismo.